

Ref.- AEG/axps  
131-23

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E A REAL ACADEMIA DE MEDICINA E CIRURXÍA DE GALICIA**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade e a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia formalizaron o 09/05/23 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular a colaboración da Consellería de Sanidade no financiamento do funcionamento da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia, no desenvolvemento das actividades que compoñen a programación que desenvolverá a longo de 2023.

Dentro das accións previstas, acordos cos fins da propia institución, encádranse as seguintes:

- Realización de sesións científicas, ordinarias e extraordinarias, nas cales participarán hospitais, universidades e outras Reais Academias de Medicina, así como outras institucións. Dentro deste apartado inclúese a realización de congresos e simposios, de carácter nacional ou internacional, así como a convocatoria de premios de investigación.

- Publicacións. Ademais das preceptivas "Memorias Anuais", e da edición dos "Discursos de Ingreso" dos seus membros Numerarios, a Academia desenvolve unha actividade editorial seriada moi ampla, contribuído tamén ao incremento e catalogación do patrimonio arquivístico-bibliográfico no eido sanitario.

- Exposicións.

- Outras actividades, como mesas redondas, sesións de intercambio con outras institucións médico colexiais e reais academias, ciclos e conferencias divulgativas, actividades en centros escolares en materias relacionadas coa saúde e a prevención, ou sesións científicas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

A Real Academia e Medicina e Cirurxiá de Galicia é unha corporación de dereito público que ten por finalidade principal a investigación no campo das ciencias médicas e afíns en beneficio do interese xeral, e inscrita no Rexistro Xeral de Akademias de Galicia, tal como se establece no Decreto 392/2003, de 23 de outubro que regula o exercicio pola Comunidade Autónoma de Galicia das competencias en materia de Akademias de Galicia.

Consonte o Decreto 373/2003, do 16 de outubro, sobre a asunción por parte da Comunidade Autónoma de Galicia de funcións en materia de Akademias e a súa asignación aos distintos departamentos da Xunta de Galicia, a Real Academia de Medicina e Cirurxiá de Galicia quedou adscrita á Consellería de Sanidade, correspondéndolle a esta o exercicio das funcións determinadas no xa citado Decreto 392/2003, do 23 de outubro, que no seu artigo 7 establece que as Akademias de Galicia, ademais das funcións previstas nos seus estatutos, terán a consideración de órganos asesores da Xunta de Galicia, nos termos previstos nos seus estatutos e na normativa vixente en cada materia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

O secretario xeral técnico

Alberto Fuentes Losada.

